Documento base para a elaboración de rúbricas de avaliación para o REA Aventura animal (CIN 5º EP)

	4 (100%)	3 (75%)	2 (50%)	1 (25%)
CA1.1	Formula preguntas complexas e ben fundamentadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación, realizando predicións coherentes e baseadas en observacións detalladas.	Formula preguntas claras e predicións razoables sobre o tema.	Formula preguntas sinxelas pero relacionadas co tema.	Realiza preguntas pouco definidas ou sen relación co tema.
CA1.2	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información de fontes fiables, utilizando léxico científico básico.	Busca información de fontes máis fiables pero sen contrastala adecuadamente.	Busca información de fontes pouco fiables e non a contrasta.
CA1.3	Deseña e realiza experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Realiza experimentos seguindo as indicacións e rexistra correctamente as observacións e medicións.	Realiza experimentos guiados pero con erros no rexistro ou nas medicións.	Realiza experimentos sen seguir as indicacións ou de forma desorganizada.
CA1.4	Analiza a información e os resultados obtidos, e comunica as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e comunica as conclusións de forma clara, utilizando léxico científico.	Analiza os resultados pero as conclusións son pouco claras.	Presenta conclusións sen analizar correctamente os resultados.
CA2.2	Identifica e analiza detalladamente todos os elementos e as súas propiedades a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identifica e analiza correctamente a maioría dos elementos e as súas propiedades.	Identifica algúns elementos e as súas propiedades, pero sen profundidade.	Identifica elementos do medio natural de forma superficial e sen criterio.

	4 (100%)	3 (75%)	2 (50%)	1 (25%)
CA4.1	Utiliza recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza recursos dixitais de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, para a creación de contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a procura de información e creación de contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais se intención de procura de información.
CA4.4	Deseña posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Propón solucións viables, utilizando estratexias de proxectos cooperativos básicos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estatexias de forma guiada.	Propón solucións pouco viables ou sen base técnica.

"Documento base para a elaboración de rúbricas para a avaliación. Ciencias da Natureza 5.º E. Primaria", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0